Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia


NOVAS / INICIATIVAS

Día Internacional da Narración Oral 2020: Antonio Reigosa alenta á recollida da tradición oral coa súa Guía de campo da Galicia encantada

Antonio Reigosa alenta á recollida da tradición oral coa súa Guía de campo da Galicia encantada

O escritor escolma para culturagalega.gal cinco lugares fundamentais da tradición oral galega

Ao coincidir co Día Internacional da Narración Oral, celebrado hoxe, chega ao público a nova publicación do escritor e etnógrafo lugués Antonio Reigosa, a *Guía de campo da Galicia encantada*, publicada por Xerais. "Non é unha antoloxía no sentido das mellores historias", explica nunha entrevista Reigosa, "senón un mostrario que tenta ser representativo do país, cunha intención divulgativa e que sae nunha colección de prezo asequible". A intención de Reigosa con esta escolma dos milleiros de historias publicadas no web Galicia Encantada é "alentar aos máis novos e os non tan novos" a recoller pola súa conta historias. "Cada capítulo conta con exemplos de contos e unhas propostas para facer recollida. Os apartados "E agora



tócache a ti, séguelles o rastro" está pensado por se queres ir máis alá, ver o noso contorno e rastrexar se hai seres das características que explico nos capítulos". Trátase de axudar a ter materiais, a como preguntar, e que procurar nas nosas localidades, e que "sirva de modelo para dar a entender que este patrimonio está vivo". Reigosa reivindica a necesidade de que moito do patrimonio recollido nos colexios e escolas do país nas últimas décadas carece dun centro de referencia no que poder ser arquivado.

Antonio Reigosa selecciona para culturagalega.gal cinco lugares da *Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres e dos lugares que habitan*

Para visitar, cando sexa posible:

1. Pena Molexa (Vilasuso, Santa María do Val, Narón, A Coruña)
Fermosa formación pétrea e síntese case ideal do imaxinario popular con referencias a tesouro, encanto, moura e descrición de rituais de desencantamento.

2. Igrexa de San Xoán dos Vaos (Ribeira de Piquín, Lugo)
Un monumento enigmático e singular aos devanceiros mortos e á Morte como deusa que nos agarda. Cinco caveiras incrustadas na parede do adro falan, ou preténdeno, con nós.

3.- As ruínas malditas da fábrica de puntas da Capela (Santa María da Capela, Toques, A Coruña)
Sobre as ruínas dun antigo mosteiro, reutilizadas no s. XIX como fábrica de puntas, elaborouse unha lenda que mestura o sobrenatural coa xenofobia e o odio relixioso. Un tema, por desgraza, sempre actual.

4. Illa e capela de Samertolomeu (Meira, Moaña, Pontevedra)

Fantástica historia que, coa desculpa de xustificar a presenza dun demo na imaxe de San Bartolo, narra unha viaxe transoceánica marabillosa.

5.Pepa a Loba en Valdaporca (Nogueira de Ramuín, Ourense)

O mito da bandoleira xenerosa, que ten en Galicia como heroína mítica a Pepa a Loba, enténdese mellor se coñecemos as múltiples aventuras que se lle atribúen. Ler o texto de X. Fernández Ferreiro e visitar este espazo natural co lugar de Val da Porca xa deshabitado pode resultar unha experiencia emocionante.

+ info